

eme2
presenta

A NOIVA DE DON QUI X OTE

Texto
**JOSÉ LUIS
ESTEBAN**

Dirige
**JOSÉ
CARLOS
GARCÍA**

Interpreta
**MERCEDES
CASTRO**




PRODUCEN




eme2

COLABORAN





SINOPSE



Despois da morte de don Quixote, as esperanzas de Dulcinea do Toboso de casar coma Deus manda están case tan desaparecidas coma o fidalgo. E aínda máis se en realidade te chamas Aldonza Lorenzo, non es dama, nova nin bela, e traballas de camareira nun mesón cervantino, preto da autovía, nalgún lugar da Mancha.

Dulcinea dispónse a atravesar o seu particular dó no que se rebela contra a personaxe que Cervantes lle atribuíu na novela. Con humor, con ironía, con emoción e con descrenza, desvela algúns insospeitados acontecementos que non aparecen no Quixote, en especial a misteriosa historia de amor entre unha pastora que lle murmura ás ovelas e un fidalgo que le novelas de cabalarías.

Pero talvez o principal misterio sexa a verdadeira identidade que se agocha tras a propia Aldonza...

O ESPECTÁCULO

O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha é unha novela fecunda e infinita. É fecunda porque influíu en todos nós, cidadáns do século XXI, e no noso horizonte ficcional máis do que podemos sospeitar... incluso aínda que non a lésemos, algo ao alcance de moi poucas creacións literarias. E é infinita porque a complexidade do seu universo ten proxeccións aínda inexploradas.

Fálase pouco das mulleres do Quixote. De feito, da que máis se fala é de unha que non existiu: Dulcinea do Toboso, a muller da que o cabaleiro decidiu namorarse. Inspirouse para iso nunha muller real, á que si coñeceu: Dulcinea do Toboso, a intanxible noiva de don Quixote, é en realidade Aldonza Lorenzo, unha campesiña á que o fidalgo manchego si coñeceu. Non é un segredo. O propio Cervantes cóntao.

Pero non conta nada máis. E este espectáculo xorde do interese en preguntármonos polo destino desa muller que todo o mundo reconece como a noiva de don Quixote. É difícil ser a noiva dun cabaleiro andante que sempre fala de ti, que se mete en mil aventuras enarborando o teu nome diante de todo o mundo, pero que nunca te vai ver, falar nin tocar. E moito menos casar contigo.

Na nosa historia Aldonza reclama o seu dereito a explicarse, a rebelarse

contra o destino real que a súa némesis imaxinada -Dulcinea- preveu para ela. Se vemos a historia de don Quixote a través dos seus ollos, do seu escepticismo, da súa ironía, do seu humor quebrado, algúns sucesos e personaxes da novela adquiren diante de nós unha dimensión distinta.

En moitas ocasións, os dramaturgos non sabemos gran cousa das nosas personaxes. O que nos ocultan é moito máis do que nos revelan. Para iso está o escenario, a actriz e o director. Para emendar as limitacións do dramaturgo.

Porque Aldonza tamén esconde cousas. A principal, a súa identidade. Ela tamén é personaxe, e se é real, éo tanto como Dulcinea do Toboso.

Pero entón... quen é realmente esa muller que está a piques de aparecer diante dos nosos ollos, no escenario, xusto despois da morte de don Quixote, convencida de ser Aldonza Lorenzo?

Escoitemos o que nos conta.

Eu tamén teño moita curiosidade.

José Luis Esteban

FICHA ARTÍSTICA

Autor: José Luis Esteban
Dirección: José Carlos García
Axudante de dirección: Nuria Cuadrado Jorge
Intérprete: Mercedes Castro
Tradución: Sandra Romaris
Espazo sonoro e iluminación: Anxo Graña
Vestuario: Mari Seoane – Juan Duarte
Atrezzo: Javi Tirado
Deseño gráfico: Roi Fernández (Le Gráfica)
Comunicación: Sonia Díaz (Nocomún)
Fotografía: Marcos Pereiro
Producción executiva: eme2
Coproducen: eme2 e Padroado da Cultura de Narón

Distribución: eme2
Tfno.: 609 457 575 / 981 534 134
distribucion@emedous.com
www.emedous.com

O AUTOR

José Luis Esteban

Como dramaturgo, interésame especialmente iniciar un diálogo permanente cos nosos clásicos, e convertilos en material escénico contemporáneo. Así o fixen, por exemplo, coas dramaturxias sobre *O Buscón*, de Quevedo, dirixida por Ramón Barea, estreada no ano 2007; con *Las tres heridas de D'Artagnan*, baixo a dirección de Laura Ortega, estreada no ano 2013; con *Arte de las putas*, inspirada no poema de Moratín pai, baixo a dirección de Carlos Martín, estreada no 2014; ou con *El alma en vilo*, sobre a poesía do século XVI español, estreada no ano 2016.

Así mesmo, estreei varias dramaturxias sobre materiais poéticos contemporáneos: *Territorio beat* (2003), *No siempre fui tan feo* (2007), *Amores feos* (2012).

Estreei as pezas orixinais *El asesino casual*, baixo a dirección de Mariano Anós (2001); *Tormenta de arena*, baixo a dirección de Aitana Galán (2005), e *De parte de Marte*, dirixida por Jorge Muñoz (2013).



Como actor, traballei no teatro con directores coma Carlos Martín, Ramón Barea, Ernesto Caballero, Helena Pimenta, Luis Olmos, Aitana Galán, Mario Gas ou Fernando F. Gómez, entre moitos outros.

No cinema, traballei en películas de Paco Arango, Paula Ortiz, Hugh Hudson e Ana Murugarren.

Teño un par de premios de interpretación e unha sede insaciable de escenario.

O DIRECTOR

José Carlos Garcia

É coñecido principalmente por ser o director artístico da Companhia do Chapitô, onde desenvolveu desde o ano 1996 até a actualidade varias accións de intercambio nacional e internacional.

Nesta compañía traballou directamente como director en pezas como *Atelier de Tempos Mortos*, codirixida xunto con Cláudia Nóvoa neste 2017, *Electra*, creación colectiva do ano 2016 ou *Histórias que me contaste tu*, baseado no libro de Manuel António Pina nunha coprodución con Planeta Maravilha, do ano 2003.

Tamén como director, algún dos traballos máis recentes con outras compañías son a adaptación de Julio Salvatierra, *Moby Dick*, para Teatro Gorakada no ano 2015; neste mesmo ano dirixiu a creación colectiva *Opus*, para Ajidanha; no ano 2014 *Caso Hamlet*, para Peripécia Teatro; no ano 2013 *Jantar de Família*, de Nádía Santos e José C. Garcia, para Teatro Rápido; neste mesmo ano dirixe *A Noite*, de José Saramago, para Teatro da Trindade, a creación colectiva *A Cores*, para os Peripécia Teatro e *La Vuelta al Mundo* para Teatro Gorakada, e codirixe xunto con Nádía Santos *À Deriva*, para Ajidanha.

Como actor de teatro, traballou en pezas como *Drakula*, no ano 2007, baixo a dirección de John Mowat, con este mesmo director participou nas obras:



Medeia, no ano 2006, *O Grande Criador*, no ano 2005, *Talvez Camões*, no ano 2004, *Tartufo*, no 2003, *D. Quixote*, no ano 2002 ou *Romeu e Julieta*, no ano 2001. Tamén traballou co director Francisco Salgado na peza *Albatroz* ou con Nuno Pino Custódio na peza *Sorriso*.

Como actor de cinema, participou en filmes como *Prescrição*, por este papel levou o premio ao mellor actor no Festival Luso-Afro-Brasileiro, no Ceará.

Canto aos premios como mellor director, pódese mencionar o galardón obtido en FETEN 2015 por *Moby Dick*, con esta mesma peza foi finalista nos premios MAX 2016; coa peza *La Vuelta al Mundo* foi premio FETEN 2013, este espectáculo tamén levou os premios ao mellor espazo escénico, mellor actor e mellor espectáculo.

A ACTRIZ

Mercedes Castro

Como actriz de teatro, participei en numerosas pezas con diferentes compañías galegas, entre as máis recentes atópanse *Get Back*, do ano 2016, un texto de Diego Ameixeiras que conta coa dirección de Jorge Coira; do mesmo ano é *Presidente* escrita e dirixida por Jose Prieto. No ano 2014 coprotagonicei *Meu Ben*, un traballo da irlandesa Elaine Murphy, ás ordes de Álvaro Lavín. No ano 2010, de novo baixo a dirección de Álvaro Lavín, protagonicei *Sexo, por que non?*, baseado nos textos de Franca Rame e Dario e Jacopo Fo.

Tamén traballei como actriz en diferentes series televisivas para a Televisión de Galicia como *A modista* ou *Padre Casares*, nesta última participei entre os anos 2008 e 2015. Así mesmo traballei en producións para a televisión do resto do Estado como *Cuéntame cómo pasó*, *Hospital central* ou *Codi60*.

Por último, gustaríame mencionar algúns dos meus traballos no cinema, entre eles estarían *Heroína* de Gerardo Herrero ou *Para que no me olvides* de Patricia Ferreira, ambos os dous do ano 2005.



Como produtora, fundei no ano 2001 eme2 co fin de iniciar o meu propio proxecto de produción e distribución de artes escénicas.

Canto aos premios e nominacións, mencionar a nominación á mellor interpretación no Festival Internacional de televisión de Montecarlo polo meu papel na serie *Padre Casares* e a obtención dun María Casares á mellor actriz protagonista no ano 1998 por *Para o Leste do Gantry* de Edward Thomas.

A PRODUTORA


eme2


No camiño que iniciamos no ano 2001 tivemos como acompañantes a maravillosos profesionais e espléndidas compañías que fixeron que o traballo en equipo con eles nos enriquecese pouco a pouco. Nese ferver a modo do día a día, nese camiño de constante reinvención, mantivemos sempre un dos nosos principios fundacionais: pensar como e para os que sentan na butaca.

Algunhas das nosas producións son *Get Back* ou *Monólogo do Imbécil*, que atopamos entre as máis recentes; *O Crédito* no ano 2015, *Meu Ben* no 2014 ou *O Florido Pénsil* no ano 2011.


Entre as nosas producións infantís destacan *Jim e a illa do tesouro*, que é a máis recente; *O Príncipe e o parrulo* do ano 2013 e mais *Kafka e a boneca viaxeira* no 2012.







Distribución: eme2
Tfno.: 609 457 575 / 981 534 134
distribucion@emedous.com
www.emedous.com





eme2